

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA LEVADA A CABO POLO PLENO DO CONCELLO
O DÍA 28 DE MAIO DE 2019**

ÍNDICE DE PUNTOS

A) PARA DAR CONTA.....

Punto Primeiro.- Dación de conta ao Pleno da Corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.....

B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:.....

Punto Segundo.- Aprobación, se procede, de actas anteriores (acta da sesión ordinaria do 25 de abril de 2019).....

Punto Terceiro.- Aprobación proxecto técnico modificado das obras de “construción de dúas pistas de tenis en ALDEA NOVA (ORTOÑO).” POS 2018.....

C) PARA CONTROL DO GOBERNO.....

Punto Décimo.-Rogos e Preguntas.....

ROSA ANA PRADA QUEIPO SECRETARIA DO CONCELLO DE AMES NA PROVINCIA DA CORUÑA

CERTIFICO: QUE O PLENO DESTE CONCELLO LEVOU A CABO SESIÓN ORDINARIA O DÍA 28 DE MAIO DE 2019. DESA REUNIÓN REDACTOUSE A CORRESPONDENTE ACTA QUE É DO TEOR LITERAL SEGUINTE:

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA LEVADA A CABO POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 28 DE MAIO DE 2019.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ames, ás vinte horas e trinta minutos (20:30) do día 28 de maio de 2019 reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor alcalde, José M. Miñones Conde, e coa asistencia das/os señoras/os concelleiras/os seguintes:

Grupo municipal Popular	Mª Oliva Agra Costoya
	Fco. Javier Olmo Olmo
	Roberto José Martínez Viaño
	Mª Encarnación Santiago Hermo
Grupo municipal Socialista	José Manuel Miñones Conde
	Luisa Feijóo Montero
	José Blas García Piñeiro
	Mª Isabel González Cancela
Grupo municipal IC- Ames Novo	Mª del Carmen Calviño Miramontes
	Ana Isabel García Reig
	Roberto Amarelle Garabán
	Enrique Costas Bastero
Grupo municipal Contigo Pódese	Genma Otero Uhía
	Francisco Javier García Guldrís
	Silvia Dapena Liñares
Grupo municipal Pacto X Ames	Ramón García Argibay
	Emilio Martínez Carballeira
Grupo municipal BNG-Asembleas Abertas	David Santomil Mosquera
	Mª Isabel Vaquero Quintela
-----	-----

Actúa como **secretaria** a titular da Corporación, Rosa Ana Prada Queipo.
Asiste a **interventora**, Margarita Fernández Sobrino.

ORDE DO DÍA:

A) PARA DAR CONTA

Punto Primeiro.- Dación de conta ao Pleno da Corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.

O señor alcalde, **José M. Miñones Conde**, informa á Corporación que os decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria, estiveron á disposición de todas/os as/os concelleiras/os na Secretaría Xeral, engadindo que o acceso aos decretos é libre para todas/os as/os concelleiras/os en calquera momento na Secretaría Xeral do Concello, así como nos distintos departamentos nos que foron elaborados, e que ditos decretos foron remitidos por vía telemática aos señores/as concelleiros/as.

O último decreto do que se da conta é o decreto 1394/2019 do 21 de maio.

Neste punto de dación de conta a concelleira de facenda, **Genma Otero Uhía**, expón que non foi remitida a tempo para incluír na orde do día da sesión plenaria a dación de conta de información trimestral que será incluída na primeira sesión plenaria do seguinte mandato. Non obstante, dado que a documentación xa está lista foi remitida hoxe mesmo a tódolos concelleiros/as para o seu coñecemento.

B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:

Punto Segundo.- Aprobación, se procede, de actas anteriores (acta da sesión ordinaria do 25 de abril de 2019).

O señor alcalde expón que a acta correspondente á sesión do 25 de abril de 2019 queda pendente para a seguinte sesión plenaria xa que, por erro involuntario, non foi remitida aos señores concelleiros/as.

Punto Terceiro.- Aprobación proxecto técnico modificado das obras de “construción de dúas pistas de tenis en ALDEA NOVA (ORTOÑO).” POS 2018.

Expediente 2018/C003/000010

Figura no expediente informe proposta favorable da Secretaría Municipal do teor literal seguinte:

Informe de Secretaría

Asunto: Aprobación modificación proxecto técnico das obras de “construción de dúas pistas de tenis en ALDEA NOVA (ORTOÑO).” POS 2018.
Expediente 2018/C003/000010

Antecedentes

Primeiro.- En sesión de Xunta de Goberno Local de 28 de decembro de 2018 foi adjudicado o contrato de realización das obras de “CONSTRUCCIÓN DE DÚAS PISTAS DE TENIS EN ALDEA NOVA (ORTOÑO)” á empresa Galitec Desarrollos Tecnológicos, SL, sendo asinado o correspondente contrato o 16 de xaneiro de 2019 e sendo o prezo de adjudicación de 54.200.- euros mais o IVE de 11.382 euros, o que fai un importe total de 65.582.- euros.

As obras executanse con arranxo ao proxecto técnico redactado polo arquitecto D. Paulino Sánchez Chao, aprobado por acordo plenario de 19 de decembro de 2017.

Segundo.- Asinado o contrato iniciáronse as obras das que en principio era director o mesmo arquitecto redactor do proxecto (Paulino Sánchez Chao), pero este comunica ao Concello que está de baixa por enfermidade e que, polo tanto, non pode continuar asumindo as labores de dirección de obra, motivo polo cal a Xunta de Goberno Local do Concello acordou nomear como novo director de obra ao arquitecto técnico D. Marcos Pose Andrade (colexiado nº 2457), o cal asume a dirección das devanditas obras.

Terceiro.- Durante a execución das obras o director das mesmas, Marcos Pose Andrade, informa que levando a cabo unha revisión do proxecto se detectan algúns erros na medición. Indica que, concretamente, hai dúas partidas que teñen a medición equivocada, xa que foron cuantificados menos metros de superficie das pistas, aínda que nos planos do proxecto si estaban ben indicadas as superficies realmente correctas.

Expón que as dúas partidas que se ven afectadas substancialmente están no capítulo 02 SOLERA e son as seguintes:

- 1.- Encachado de grava-morrillo de machaqueo de 15 cms de espesor No proxecto había unha medición de 1.058,20 m2 e executáronse 1400,98, M2, coincidindo coa documentación gráfica dos planos.
- 2.- Pavimento continuo poroso de hormigón HM-D-225/F/8 da cal estaban contemplados 871,20 M2 e realizáronse 1.218,37 M2, coincidindo tamén coa documentación gráfica dos planos.

Procédese a revisión do proxecto para ver se é posible compensar a falta na medición de esas dúas partidas con algunha que puidera estar medida en exceso, de forma que o incremento do proxecto modificado sexa o máis baixo posible e acordase propor a modificación seguinte:

No capítulo 01 MOVIMIENTO DE TERRAS non existen variacións.

No capítulo 02 PREVIOS decídese non realizar a retirada do peche existente nin o corte dos postes para o seu aproveitamento, xa que actualmente serven de sustentación parcial das terras vertidas no borde do campo, deducindo por elo todo o capítulo que incluía a partida de “Retirada de malla con aproveitamento” e a partida “Corte de poste con aproveitamento”.

Modifícase o capítulo 03 PECHES do cal se deducen todas as partidas de aproveitamento e se incrementa a partida "Cerramento pista con malla ST40 poste", poñendo en todo o perímetro peche novo.

No capítulo 04 EQUIPAMENTO elimínase a execución de 3 unidades de bancos de granito macizo.

No capítulo 5 INSTALACIÓN ALUMBRADO non hai alteración económica, variando soamente o punto de conexión da acometida, executándose nun punto máis próximo e variándose tamén a distancia entre báculos aos lados da pista para evitar zonas con sombras.

Por último, manifesta o redactor do proxecto modificado que o resto de unidades non sofren variacións significativas e que non existe ningún prezo novo no proxecto modificado.

As modificacións introducidas alteran o orzamento de execución aumentando o mesmo na contía de 6.523,77.- euros (9,95 %).

Figura RC da Intervención Municipal polo incremento de data 20 de maio de 2019.

Fundamentación xurídica

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro.

Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Primeira.- Supostos de modificación do contrato previstos na normativa de contratación.

O procedemento para a modificación dos contratos regúlase nos artigos 203 e seguintes da LCSP.

O artigo 203 da LCSP establece que os contratos administrativos celebrados polos órganos da administración soamente poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguinte supostos:

- a) cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións previstos no artigo 204.
- b) excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións previstas no artigo 205.

O expediente de licitación das obras de construción de dúas pistas de tenis en Aldeanova contemplaba nos pregos de licitación as causas de modificación, concretamente no anexo VI.

Sen embargo, a modificación proposta polo director de obra non se axusta ao previsto nos pregos xa que a modificación que nos ocupa ten a súa orixe nun erro de medición: procede acudir aos supostos de modificación non previstas no contrato que se regula polo artigo 205 LCSP.

Segundo.- Modificacións non previstas no contrato.

O artigo 205 LCSP regula as modificacións non previstas na documentación que rexeu a licitación.

Artigo 205. Modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares: prestacións adicionais, circunstancias imprevisibles e modificacións non substanciais.

1. As modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares ou que, habendo sido previstas, non se asusten ao establecido no artigo anterior, soamente poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que encontre a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo de este artigo.
 - b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.
2. Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos recollidos no apartado primeiro deste artigo, son os seguintes:

a) Cando devíñera necesario engadir obras, subministrados ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, sempre e cando se dean os dous requisitos seguintes:

1.º Que o cambio de contratista non fora posible por razóns de tipo económico ou técnico, por exemplo que obrigara ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministrados con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferencias dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xenere inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custes para o órgano de contratación.

En ningún caso se considerará un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

2.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, aislada o conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVA excluído.

b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:

1.º Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non houbera podido prever.

2.º Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

3.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVA excluído.

c) Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso se terá que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Unha modificación de un contrato se considerará substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación se considerará substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

1.º Que a modificación introduza condicións que, de haber figurado no procedemento de contratación inicial, haberían permitido a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación de unha oferta distinta á aceptada inicialmente ou haberían atraído a máis participantes no procedemento de contratación.

En todo caso se considerará que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran de unha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, se exixiu no procedemento de licitación orixinal.

2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista de unha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

En todo caso se considerará que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, se introducirían unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do presuposto inicial do contrato.

3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso se considerará que dáse o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVA excluído, se se trata do contrato de obras ou de un 10 por cento, IVA excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o umbral que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.

(ii) As obras, servizos ou subministrados obxecto de modificación se atopen dentro do ámbito de outro contrato, actual o futuro, sempre que se houbera iniciado a tramitación do expediente de contratación.

De entre os supostos de modificacións non previstas no contrato e recollidas no artigo 205 LCSP resulta aplicable a modalidade prevista no artigo 205.2.c: modificacións non substanciais.

Neste suposto a LCSP esixe que se xustifique a súa necesidade indicando as razóns polas que esas prestacións non foron incluídas no contrato inicial.

No expediente que nos ocupa a necesidade de modificación deriva de que o autor do proxecto tivo un erro de medición nas pistas o cal se precisa modificar para que a obra concorde coa realidade física.

O artigo 205.2.c regula os supostos que se consideran modificacións substanciais e ningún deles concorre no presente expediente xa que a modificación non introduce condicións que, de haber figurado no procedemento de contratación inicial, haberían permitido a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación de unha oferta distinta á aceptada inicialmente ou haberían atraído a máis participantes no procedemento de contratación. Tampouco se altera coa modificación o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista nin se amplía o ámbito do contrato.

Os cambios introducidos non supoñen, según manifesta o redactor, a introdución de prezos novos e trae consigo que a obra a prezos de adjudicación se incremente na contía de 6.523,77 euros (+9,95 %).

Terceiro.- Carácter obrigatorio da modificación.

Conforme ao artigo 206 LCSP, nos supostos de modificación do contrato recollidas no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de contratación resultan obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non excede do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

A modificación proposta non supera o 20% do prezo inicial do contrato polo que resulta obrigatoria para o contratista.

Cuarto.- Formalización.

As modificacións deberán ser formalizadas tal e como recolle o artigo 203.3 LCSP.

Quinto.- Dotación económica.

Figura no expediente RC da Intervención Municipal de data 20 de maio de 2019.

Sexto.- Competencia para acordar a modificación.

Se ben a competencia para aprobar o proxecto modificado (ao tratarse dunha obra incluída nun Plan Provincial como é o POS 2018) corresponde ao pleno sen quórum especial (o pleno tamén aprobou o proxecto orixinario en sesión do 19 de decembro de 2017), a modificación do contrato corresponde ao órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local do Concello (competencia delegada polo decreto 480/2016).

Por todo o exposto se formula o seguinte informe proposta de acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación ao **"PROXECTO MODIFICADO DE CONSTRUCCIÓN DE DÚAS PISTAS DE TENIS EN ALDEA NOVA (ORTOÑO)**, redactado polo arquitecto técnico Marcos Pose Andrade con data de abril de 2019.

Segundo.- Facultar ao señor alcalde do concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Ames, maio de 2019.

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

(.....)

Rematadas as intervencións o Pleno da Corporación, por maioría absoluta do número legal de membros cos votos a favor dos 4 concelleiros/as do grupo municipal socialista, dos 3 concelleiros/as do grupo municipal Contigo Pódese, dos 2 concelleiros/as do grupo municipal BNG, dos 4 concelleiros/as do grupo municipal Ames Novo e o voto en contra dos 4 concelleiros/as do grupo municipal popular e dos 3 concelleiros /as do grupo municipal Pacto x Ames, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Prestar aprobación ao **"PROXECTO MODIFICADO DE CONSTRUCCIÓN DE DÚAS PISTAS DE TENIS EN ALDEA NOVA (ORTOÑO)**, redactado polo arquitecto técnico Marcos Pose Andrade con data de abril de 2019.

Segundo.- Facultar ao señor alcalde do concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

C) PARA CONTROL DO GOBERNO.

Punto Décimo.-Rogos e Preguntas.

Se formulan diversos rogos e preguntas, recollidos na vídeo acta desta sesión plenaria.

E non habendo mais asuntos de que tratar, o señor presidente deu por rematado o acto e levantou a sesión ás vinte horas e cincuenta minutos do día 28 de maio de 2019, de todo o que eu, como secretaria, certifico.

Visto e prace

A secretaria

O alcalde en funcións

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo